

---

## RESUMO DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: RELIXIÓN CATÓLICA

CURSO E MATERIA: 1º ESO – RELIXIÓN CATÓLICA

### UNIDADES DIDÁCTICAS:

#### UD 1. As miñas pertenzas.

Obxectivos mínimos:

- Entender que todos temos raíces e pertenzas propias.
- Recoñecer e valorar os nosos propios vínculos constitutivos.

#### UD 2. Atoparse e recoñecerse.

Obxectivos mínimos:

- Comprender as relacións auténticas que conforman a nosa identidade persoal.

#### UD 3. Ao encontro dos demais.

Obxectivos mínimos:

- Asumir que todos temos dereitos e dignidades.
- Comprender que todos somos responsables do coidado da Casa Común.

#### UD 4. Ritos e costumes.

Obxectivos mínimos:

- Entender os ritos e costumes máis importantes da nosa cultura.
- Entender a simboloxía básica cristiá.

#### UD 5. Encontros que se narran.

Obxectivos mínimos:

- Recoñecer o valor da palabra para a comunicación.
- Manexar de xeito básico a Biblia.

#### UD 6. A cultura, lugar de encontro.

Obxectivos mínimos:

- Ver na arte unha forma de comunicación con Deus.

#### UD 7. O encontro con Xesús.

Obxectivos mínimos:

- Entender o encontro con Deus e con Xesús.
- Comprender a relación entre Xesús e Deus.

#### UD 8. Unha Igrexa que sae ao encontro.

Obxectivos mínimos:

- Entender e comprender a situación das persoas necesitadas.
- Identificar os problemas máis importantes dos excluídos.

---

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:**

En cada unha das avaliacións valorarase o seguinte: Entrega de traballos 25%, probas escritas 50%, presentación do caderno 25%. Estes criterios aplicaranse en cada un dos trimestres. A nota de cada avaliación calcularase da seguinte forma: 50% corresponderá a unha proba escrita sobre os coñecementos tal e como se reflicte no punto 3.3 desta programación. O restante 50% repartirase do seguinte xeito: 25% corresponderá á entrega do caderno de clase, que deberá estar completo e corrixido. A avaliación será aprobada con 5 despois do redondeo. A nota da avaliación ordinaria calcularase facendo as medias das notas reais (sen redondeo) das tres avaliacións, que suporá o 100% da nota.

No caso de que o alumnado utilice medios fraudulentos nos exames e nos traballos anularase a cualificación destas probas e pasará a ter a puntuación dun 1 na cualificación e terá o alumnado que recuperar ditas probas por medio doutro exame.

O Departamento de Relixión da ESO organizará ao longo do curso, no seu caso, as distintas actividades de recuperación, que serán exames e traballos para o alumnado que non supere algunha parte da materia, en todo caso antes da data establecida para a terceira avaliación e a sesión da avaliación final. Antes da 3ª avaliación e a final, isto é, antes do 20 de xuño de 2025.

## **CRITERIOS DE RECUPERACIÓN:**

Recuperación de trimestres suspensos: Neste caso o alumnos terán que facer un traballo dos contidos explicados en clase nese trimestre, que puntuará o 100%. Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos. No caso de que a media das tres avaliacións non acadase a nota de 5 despois do redondeo programarase un traballo de recuperación encamiñado a que o alumnado supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada e reflectirase na nova nota de avaliación que á súa vez fará media para a nota da avaliación ordinaria.

## **DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA**

**Pilar Iglesias Sánchez**